

Lois Pereiro nace en Monforte de Lemos (Lugo) no 1958. Tras estudar bacharelato marcha a Madrid, onde comeza a estudar Ciencias Políticas e Socioloxía. Tras uns meses volta eponse a traballar no negocio familiar (cristalería). Regresa a Madrid, onde estuda diversos idiomas. Funda a revista Loia (xunto a Antón Patiño e Manolo Rivas), comezando a publicar poemas. Traballa de tradutor de cinema.

En Madrid colle unha grave enfermidade por consumir *aceite de colza*, non apto para o consumo humano.

De volta en Galicia forma parte do *Grupo de Amor e Desamor*, publicando en dous libros xunto a autores como Fernán-Vello, Manolo Rivas, Xulio Valcarce...

Gaña o premio Poesía *O Facho* e traballa como xornalista.

Morre no ano 1996, en A Coruña, aos 38 anos de idade.

Publicou 3 libros de poemas: *Poemas 1981/1991*, *Poesía última de amor e enfermidade* e *Poemas para unha Loia*. Ten ademais unha novela que non acabou: *Náufragos do Paraíso*.

Escribiu un guión para a TVG e formou parte dun grupo musical.



Revisando os danos

A man dereita á dereita do corpo,
a man esquerda, á esquerda.
En plenas facultades,
teño a cabeza no centro do mundo
e voulle cambiando os argumentos
ós meus soños escasos e prudentes.

Breve encontro

Sobrevoavas un día o meu espacio aéreo
rozándome coas plumas levemente
e desaparecías cun rumor minguante
como a visión dun soño
fracasado.

*A poesía da última etapa da súa vida
está marcada pola grave enfermidade
que padecía.*

Transmigración

[...]

Nun cálido universo apaixonado
voume dosificando con usura,
ata que chegue a hora de voltar,
canso e feliz,
ó punto de partida.


Degradación

Unha bóla de neve cae a rolos
levando dentro sombra e pesadelos,
dirixida cara ó punto máis baixo
da súa inexistencia.


Unha bóla de vida co meu nome
e o destino marcados,
que se precipita cara ó silencio,
trazado xa o camiño desde hai tempo.

Dado por morto por segunda vez,
mesmo o inferno rexeitou admitirme
por non cargar comigo,
denegando a miña solicitude.

Outro fracaso máis que me fai seguir vivo
ata que me corrixa e me libere.



“No amor, como na guerra, nunca
oímos o tiro que nos alcanza.
A morte, como o amor, nunca advirte
por onde se nos achega...”



Lois Pereiro



Letras Galegas



2011

CENDL do BARBANZA